

A China do século XXI

Xulio Ríos

Pasados máis de trinta anos do inicio da política de reforma e apertura (1978), China afronta un novo e decisivo tempo para a culminación do seu proceso de modernización. Non só está a piques de converterse na segunda potencia económica global, a piques de superar a Xapón, senón tamén nun dos países centrais do sistema internacional confirmando a súa capacidade para establecer alianzas e perseguir obxectivos que poñen en cuestión as regras tradicionalmente impostas polos países máis desenvolvidos de Occidente. A medida que todos recoñecen o traslado do epicentro económico do planeta do Oeste para o Leste, China asume o desafío dunha implicación satisfactoria na gobernanza propia, rexional e mundial coa mesma fórmula que lle permitiu chegar ata aquí: a defensa a ultranza da soberanía esquivando o conflito directo.

O éxito económico e os seus retos

É ben sabido que o crecemento experimentado pola economía chinesa ao longo destas décadas é froito da combinación básica de tres variables: man de obra barata, investimento exterior e orientación da produción cara o exterior. Foi así que China medrou a un ritmo anual promedio próximo ao 10%, converténdose no taller do mundo á par de xerar importantes beneficios para as multinacionais occidentais que investiron no país. O proceso conduciuse combinando experimentación e gradualismo, descartando calquera terapia de shock, dúas claves que aínda hoxe conforman o modo de proceder a todos os niveis no proceso chinés.

Esa primeira etapa do proceso de desenvolvemento iniciada na dobre vía agrícola (co contrato de responsabilidade baseado na familia) e as Zonas Económicas Especiais, concibidas para atraer investimentos, tecnoloxía e modernos sistemas de administración, chegou ao seu remate. A China actual ambiciona ser unha gran potencia económica integral. Por iso, a aposta inmediata céntrase na configuración dun novo modelo de desenvolvemento artellado arredor dos seguintes eixos: reestruturación industrial, innovación tecnolóxica, protección ambiental, avance social. Son estes, ámbitos con grandes carencias na economía chinesa e que reclaman un esforzo inxente para poder avanzar ao ritmo desexado sen que eses buratos negros deriven en crises fondas que afecten á estabilidade global do proceso.

O atraso tecnolóxico chinés, pese aos notables avances logrados nos últimos anos, é un desafío de primeira magnitude non soamente por razóns estritamente económicas, senón tamén políticas, directamente relacionadas coa salvagarda da soberanía